

Texto e ilustracións: **GUSTI**

Encadernación especial e sobrecuberta.  
 152 páxinas. 15x22 cm. Ilustracións en color.  
 Tirada limitada e numerada de 2.000 exemplares.

Colección Cadernos de Viaxe.  
 ISBN 978-84-96957-46-6

Prezo: 38 €

# ECUADOR

## Cuaderno de viaje

**"... Estivemos todo o día traballando; de súpeto, unha chuvía torrencial abateuse sobre nós. Estivemos buscando osiños baixo o niño e logo fomos bañarnos a unha crebadiña preciosa; despois do baño preparei un arrociño con allo e cebolla moi rico; despois, a durmir arrolados polo son da selva..."**

Entre xullo e agosto de 2006, Gusti viaxa a Ecuador e percorre a Amazonia cun grupo de científicos -dirixidos pola bióloga galega Ruth Muñiz López- que se dirixen á reserva de Cuyabeno, nas provincias de Sucumbios e Orellana, onde habitan as tribus dos sionas, secoyas, cofanes, shuar e quichuas. A expedición pretende instalar un transmisor a unha cría de 'churuwally' -en lingua zápara- ou águila harpia, para coñecer o comportamento destas aves; unha experiencia que tamén quedou recollida nun documental.

Esta experiencia deu lugar a un caderno que FAKTORÍA K reproduce co mesmo formato, papel e encadernación que o orixinal, para non perder o rastro do autor; ata o punto de incluír os borróns das páxinas, as esquinas dobradas, os descosidos e outros signos de deterioro que reflicten os avatares da viaxe. É o primeiro dunha colección que sacará á luz a obra persoal de artistas e viaxeiros que captaron o mundo a través da súa mirada curiosa. Un xeito diferente, máis íntimo e emocional, de contar a súa aventura, empaparse da cultura, costumes e lingua do país, con direccións, horarios, itinerarios e anécdotas.

A modo de diario, Gusti plasma a súa impresión sobre a selva ecuatoriana, a pegada imborrable que deixan nel os habitantes da comunidade Pacuya Chivo, aos que retrata en actitudes cotiás; anota vocabulario indíxena e, en definitiva, capta recordos dos que fai partícipes aos lectores. As súas anotacións en tinta mestúranse con debuxos e acuarelas que plasman paisaxes, persoas, especies animais e vexetais.

### GUSTAVO A. ROSEMFET 'GUSTI' (Bos Aires, 1963)

Estudou na Escola de Arte Fernando Fader, onde obtivo o título de técnico en deseño e promoción publicitaria. A súa traxectoria profesional enfocouse cara á animación para televisión, tarefa que compaxinou coa ilustración de cómics e álbums ilustrados. Trasládouse a Europa en 1985: viviu en París, Madrid e actualmente en Barcelona, onde se adica á ilustración de libros, cartaces e a expór a súa obra. Polo seu traballo recibiu, entre outros, o Premio Apel·les Mestres e o Premio Manzá de Ouro de Bratislava (1989), o Premio Nacional de Ilustración (1990), o Premio Lazarillo (1991), o Diploma de Honra no Premio Iberoamericano de Ilustración (1994), o Premio Serra d'Or e o Premio Junceda (2007).



- **Temática:** caderno de viaxe
- **Idade recomendada:** todas as idades
- **Aspectos destacables:** edición facsimil; inclúe un triptico con fotografías e textos do autor e da responsable da expedición, con información adicional do proxecto; biodiversidade, natureza